

FICHA TÉCNICA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
CASTAÑA DE GALICIA

Creación: Por Orde do 5 de febreiro de 2009, da Consellería do Medio Rural (DOG 11.02.2009).

Regulamentación: Orde do 5 de febreiro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida *Castaña de Galicia* e do seu Consello Regulador e se nomea o Consello Regulador Provisional (DOG nº 29 do 11.02.2009). Corrección de erros, DOG nº 34, do 18.02.2009. Modificada pola Orde do 19 de xullo de 2010 (DOG nº 140, do 23.07.2010).

Rexistrada como indicación xeográfica protexida mediante o R(UE) 409/2010 do 11 de maio (DOUE nº L 118/6 de 12.05.2010).

Prego de condicións: Aprobada a última modificación no DOG núm. 245 do 20.12.2024. Publicada a comunicación de aprobación no DOUE C/2025/2450 do 24.04.2025.

URL do Prego de condicións:

https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/orixe-vexetal/IGP_Castanha_de_Galicia_Pliego_de_condiciones_septiembre_2019_definitivo.pdf

Enderezo: Rúa Progreso, 28 32.003 Ourense

Tel.: 649 06 19 15

Correo electrónico: info@castanadegalicia.org

Web: www.castanadegalicia.org

Presidente: Jesús Quintá García

Rexistros a 31 de decembro do 2024:

Superficie inscrita (ha):	1397 ha
Produtores:	170
Comercializadores e Almacenistas en fresco:	6
Industrias de procesado:	4

Volume de actividade no ano 2024:

Produción de castaña certificada:	21.546 kg
Valor económico estimado:	200.000 €

Zona amparada pola indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia.

O ámbito xeográfico de produción da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia comprende a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Produto protexido

A indicación xeográfica protexida *Castaña de Galicia* resérvase aos froitos obtidos a partir dos cultivares autóctonos galegos do castiñeiro europeo (*Castanea sativa*, Mill.) destinados ao consumo humano e comercializados en fresco ou conxelado.

Comercialízanse en envases novos, limpos e de materiais axeitados para favorecer unha correcta conservación e transporte do produto. Sobre estes envases, que poden ser de 0.5, 1, 2.5, 5, 10, 15, 20 e 25 kg, irá a contraetiqueta de garantía que servirá para a certificación do produto.

No caso de castañas sometidas a procesos de transformación distintos dos contemplados no regulamento desta indicación xeográfica, poderase indicar no seu etiquetado que están elaborados con produto amparado pola indicación xeográfica protexida *Castaña de Galicia*.

Características

Os froitos amparados teñen o pericarpo fino, de cor marrón clara e brillante; un epispermo (membrana) fino que penetra lixeiramente na semente e que se separa facilmente ao pelar a castaña; o sabor é doce e a textura firme non fariñenta.

Evolución da produción amparada pola IXP
Castaña de Galicia (tm)

